

Xoves, 28 de maio de 2026

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Persoal, oposicións**

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA".

ANUNCIO

Con data 15/05/2026 se ditou resolución da Alcaldía do Concello de Pazos de Borbén que, entre outros aspectos, recolle:

".../... Por todo o anteriormente exposto, en exercicio das competencias que me confire a normativa vixente,

RESOLVO,

Primeiro: Aprobar a convocatoria e as "BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C-SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA", .../...

Segundo: Publicar anuncio da aprobación da convocatoria e das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>), en aplicación do artigo 24 do da LEPG.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Xoves, 28 de maio de 2026

Núm. 100

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.”

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O sistema de selección é de concurso-oposición.

As características e bases íntegras se atopan publicadas e a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello <https://pazosdeborben.gal>

O Alcalde, Xosé Luciano Otero Camiña

